


TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2018



galicia

DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda no segmento de turismo rural en Galicia. Ano 2018

	T. Interno	T. Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	74.145	80.775	62.813	217.735
NOITES	120.454	190.406	105.565	416.423
ESTADÍA MEDIA	1,62	2,36	1,68	1,91


DEMANDA TURISTICA

Comportamento negativo da demanda turística nos establecementos de turismo rural de Galicia neste ano 2018. O volume de noites descende un 7,3% como consecuencia dunha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 0,6%.

Tal circunstancia coloca os niveis de demanda por encima das 416 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior.

En termos de viaxeiros aloxados o nivel fica preto do 218 mil, dato que neste caso supón un máximo histórico na comunidade.

Evolución Demanda Turística en Turismo Rural. 2018/17



DEMANDA TURISTICA

Noites en turismo rural e variación interanual por CC.AA. Ano 2018

NOITES	
ESPAÑA	11.407.883
Castela e León	1.800.197
Andalucía	1.313.356
Cataluña	1.264.828
Baleares	1.223.793
Asturias	925.359
Castela A Mancha	694.630
Cantabria	589.635
Aragón	563.124
C. Valenciana	465.349
Extremadura	453.587
País Vasco	420.425
Galicia	416.423
Canarias	403.196
Navarra	362.553
Madrid	291.937
Murcia	126.302
A Rioxa	93.187

Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	3,4%
Baleares	15,7%
Aragón	8,7%
Andalucía	8,1%
Castela A Mancha	6,7%
Castela e León	6,6%
Cataluña	5,2%
A Rioxa	4,5%
Madrid	4,2%
C. Valenciana	3,3%
Extremadura	1,7%
País Vasco	-2,8%
Murcia	-2,9%
Asturias	-3,4%
Canarias	-4,1%
Cantabria	-4,7%
Galicia	-7,3%
Navarra	-15,0%

DEMANDA TURÍSTICA


- A caída da demanda en Galicia insértase nun contexto de comportamentos dispares a nivel das comunidades autónomas. Sobe o volume de noites en dez delas e descende, en cambio, nas sete restantes. A nivel global, no conxunto do Estado obsérvase neste ano un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 5,0%- coma do volume de noites -do 3,4% neste caso-.
- Castela e León é o destino máis importante a nivel estatal –con 1,8 millóns de pernoctacións representa o 15,8% do total de España-. Seguen en orde de importancia Andalucía –co 11,5%-, Cataluña –co 11,1%- e Baleares –co 10,7% neste caso-.
- Galicia, con máis de 416 mil pernoctacións, sitúase no grupo intermedio con niveis semellantes aos do País Vasco.
- En termos dinámicos o destino que presenta un crecemento de maior intensidade é Baleares, onde se superan nun 15,7% os niveis do pasado ano. Seguen en orde de importancia Aragón e Andalucía con incrementos levemente superiores ao 8% interanual.
- No lado contrario é Estremadura o destino co crecemento máis suave, menos intenso –do 1,7% neste caso-.
- Sete son dos destinos que amosan un comportamento negativo neste 2018, ficando a caída máis suave no País Vasco –do 2,8%- e a máis intensa en Navarra –destino onde cae un 15,0%-. Galicia rexistra neste ano a segunda caída de maior intensidade.
- En termos absolutos o destino de maior crecemento da demanda é tamén Baleares que xera neste ano pouco máis de 166 mil novas pernoctacións no segmento de turismo rural –o 44% do total da “nova” demanda-. Galicia perde neste 2018 preto de 33 mil pernoctacións en comparación co anterior 2017.

DEMANDA TURISTICA

É o quinto ano consecutivo no que se rexistra un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos de turismo rural de Galicia –en 2014 a suba fora do 21,5% pasando ao 23,1% en 2015, ao 10,4% en 2016 e ao 1,5% en 2017–, circunstancia que permite acadar agora en 2018 un máximo histórico con preto de 218 mil viaxeiros aloxados.

O incremento deste ano é novamente suave pois supón en termos absolutos a xeración de pouco máis de 1.200 novos viaxeiros en relación ao pasado ano mais a importancia do mesmo reside na continuidade da tendencia positiva –a pesar da ralentización do ritmo de crecemento desde o pasado 2017–, mantendo por tanto o nivel por encima dos 200 mil viaxeiros por terceiro ano consecutivo.

Evolución viaxeiros aloxados en Turismo Rural. 2012-18




DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece o contrario. Tal como se comentou anteriormente neste 2018 rómpese a tendencia positiva dos catro anos anteriores rexistrando unha caída global do 7,3% como consecuencia dun descenso parello da estadia media. Nunha perspectiva global o mesmo número de viaxeiros fica de media menos tempo en Galicia co que descende o volume de noites en comparación co 2017.

Esta dinámica coloca o nivel deste 2018 no máis baixo dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior.

En termos absolutos o descenso deste ano tradúcese na perda de preto de 33 mil pernoctacións en relación ao pasado ano 2017. En comparación co 2013, último ano de caídas no contexto da crise, o volume de demanda sobe nun 61% con máis de 157 mil “novas” pernoctacións xeradas neste período de cinco anos.

Evolución das noites en Turismo Rural. 2012-18




DEMANDA TURISTICA

Mantense en 2018 o carácter estacional do turismo rural en Galicia se ben aprécianse leves diferenzas en relación ao pasado ano. Neste ano o 40,9% da demanda en turismo rural concéntrase no verán, en xullo e agosto, sendo este último o mes de maior afluencia turística con pouco máis de 108 mil pernoctacións na comunidade –o 26,0% do total anual-. Un 41,2% da demanda corresponde á temporada media –meses de abril, maio, xuño, setembro e outubro- quedando o 18,0% restante para a temporada baixa –de novembro a marzo-.

Por vez primeira nesta década o volume e peso da temporada media supera ao rexistrado na temporada alta se ben as diferenzas non son moi elevadas. En 2013, por exemplo, o 46% das pernoctacións concentrábanse nos dous meses do verán quedando un 34,5% para a temporada media.


Noites nos establecementos de Turismo Rural. Ano 2018, por meses



DEMANDA TURISTICA

No curto prazo o comportamento da demanda no segmento de turismo rural é moi irregular sendo maior o número de meses onde se observan caídas en termos interanuais. En particular, o volume de pernoctacións descende puntualmente en xaneiro, abril e decembro, e no período de xuño a setembro –de maior afluencia turística a este sector-. Mantense estable puntualmente en outubro e consegue cifras positivas en febreiro, marzo –por mor do efecto positivo da Semana Santa-, maio e novembro. As variacións de maior intensidade prodúcense nos meses de marzo e abril como consecuencia do efecto do calendario coa celebración da Semana Santa en datas diferentes ás do pasado ano 2017, de aí o forte incremento rexistrado en marzo e a notable caída de abril.


Variación noites en aloxamentos de Turismo Rural . 2018/17, por meses




DEMANDA TURISTICA

En termos globais obsérvase neste 2018 unha caída da demanda nas temporadas media –do 9,8%- e alta –do 12,9%- e paralelamente un incremento do volume de pernoctacións na temporada baixa –do 17,3% neste caso-. Tal circunstancia comporta certa redución da estacionalidade en comparación co 2017 por canto diminúe o peso do verán –en máis de dous puntos- e da temporada media –nun punto- e increméntase o peso da temporada baixa –en case catro puntos-. Con preto de 75 mil noites de novembro a marzo neste 2018 acádase máximo histórico de demanda xustamente na temporada baixa. Supón aínda así o 18% do total anual. O descenso da demanda nas temporadas media e alta acontece logo de rexistrar incrementos consecutivos nos últimos catro e cinco anos respectivamente.

Variación noites en aloxamentos de Turismo Rural .
2018/17, por temporada



Evolución da demanda por temporadas. Período
2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS

En 2018 o 75% da demanda en turismo rural corresponde ao turismo nacional, segmento que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que supón o 28,9% con máis de 120 mil noites- como ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas, que representa o 45,7% con máis de 190 mil noites-.

O turismo internacional representa neste caso o 25,4% das noites nos aloxamentos de turismo rural de Galicia, cifra importante que representa a máis de 105 mil noites.

Desde unha perspectiva temporal obsérvase que esta estrutura da demanda mantén o forte peso do mercado nacional –absorbe tres de cada catro pernoctacións- sendo maioritario aquel que procede de fóra de Galicia –se ben neste ano acada o seu peso máis baixo da serie histórica pois nunca antes representara menos do 46% do total da demanda-.

Peso dos principais mercados en Turismo Rural. 2018



MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvase neste ano 2018 un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado, con descenso xeneralizados dos niveis de demanda se ben con diversa intensidade.

A caída máis notoria reside no turismo receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas- que presenta un descenso do 12,5% en comparación co pasado 2017 –como consecuencia da caída da cifra de viaxeiros españois e da estadía media-. En termos absolutos supón a perda de máis de 27 mil noites en comparación co 2017.

O turismo internacional descende tamén, un 3,1% neste caso, por mor dun empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros incrementouse nun 9,5%.

Similar comportamento obsérvase do lado do mercado interno, que presenta unha suave caída do 1,6% como consecuencia dun descenso da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros residentes sobe un 2,3%.

Evolución dos principais mercados no segmento de Turismo Rural . Noites 2018/17




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado interno rexistra en 2018 unha caída do 1,6% que rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017 -con subas que igualaron ou superaron o 10% interanual en 2014 e 2015- e que permitiron superar de novo o nivel das 100 mil pernoctacións xa en 2014 e das 120 mil en 2016.

Esta tendencia sitúa o nivel deste 2018 brevemente por encima das 120 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos aínda que practicamente equivale ao volume rexistrado en 2016. Si fica por encima do nivel acadado de 2011 a 2015.

En calquera caso, o nivel mantense por encima das 120 mil noites por terceiro ano consecutivo.

Evolución do mercado interno en Turismo Rural. Noites 2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS

Similar comportamento obsérvase no segmento do turismo receptor nacional –españóis residentes fóra de Galicia-. O descenso deste ano 2018 rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2014, a taxas importantes que permitiron acadar un máximo histórico xustamente no pasado ano 2017 con preto de 218 mil noites.

Coa caída do 12,5% o nivel final de 2018 sitúase brevemente por encima das 190 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior aos volumes rexistrados de 2011 a 2015.

En termos de volume este descenso supón a perda de máis de 27 mil noites en comparación co nivel acadado en 2017. Neste sentido é o segmento que peor comportamento presenta en 2018.

Evolución do mercado receptor nacional en Turismo Rural. Noites 2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado internacional participa igualmente da conxuntura negativa deste 2018 cun descenso do 3,1% que neste caso da certa continuidade ao comportamento observado no pasado ano 2017 cando xa rexistrara unha leve caída do 1% interanual. Contrasta esta dinámica co observado nos tres anos anteriores, de 2014 a 2016, cando este segmento rexistrara un forte impulso con taxas de crecemento do 39%, 28% e 50% respectivamente que permitiron superar por vez primeira o nivel das 100 mil noites en Galicia.

A pesar do descenso deste ano o volume final consegue manterse por encima desa barreira, con algo máis de 105 mil noites en 2018 –a cifra máis baixa dos últimos tres anos pero superior a toda a serie anterior-.


Evolución do mercado internacional en Turismo Rural . Noites 2012-18



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística, o mercado interno –correspondente aos residentes en Galicia- representa en 2018 tal como se viu anteriormente o 28,9% do total das pernoctacións nos establecementos de turismo rural.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con máis de 58 mil noites representa o 14,0% do total da demanda en turismo rural –porcentaxe inferior á do pasado ano-.
- Seguen en orde de importancia Cataluña –co 5,9%-, Andalucía –co 4,7%- e a C. Valenciana –co 3,3% neste caso-, mercados que se localizan lonxe da nosa comunidade. Neste sentido superan en volume e peso a mercados de proximidade como Asturias e Castela e León-. Xustamente este último é o quinto en orde de importancia representando tamén o 3,3%.
- No ámbito internacional mantense o Reino Unido como o principal mercado emisor a Galicia. En 2018 rexístranse algo máis de 11 mil pernoctacións correspondentes ao mercado británico, o 2,7% do total da comunidade –cifra inferior á de 2017-.
- En segundo lugar sitúase, por cuarto ano consecutivo, o mercado americano –EE.UU. representa o 2,6% do total- superando en volume e peso a mercados tradicionais como Alemaña –que supón neste ano o 2,2%-, Francia –co 1,5%-, Portugal –co 1,4%- ou Italia -co 1,1% neste caso-.
- Portugal, mercado tradicional na nosa comunidade e que normalmente lidera o ranking do turismo internacional, sitúase neste caso como o quinto en orde de importancia, mellorando levemente a súa importancia respecto de anos anteriores cando representaba como máximo o 1% do total da demanda en turismo rural.

MERCADOS TURÍSTICOS


O descenso do turismo de orixe estatal vén como consecuencia das caídas rexistradas polos principais mercados emisores. Neste sentido destaca en intensidade o descenso do mercado madrileño –do 20%–, andaluz –do 22%– e valenciano –do 23%– neste caso–, porcentaxes moi elevadas que supoñen perdas importantes de pernoctacións.

Cataluña e Castela e León –dous dos principais mercados– amosan tamén caídas notables, do 11% e 14% respectivamente.

Neste contexto negativo destaca o comportamento do mercado asturiano, sexto en orde de importancia e que conseguiu superar neste ano os niveis de 2017 –nun 14%–. Isto engadido á suave caída do mercado interno leva a concluír que en 2018 se rexistra un bo comportamento do turismo de proximidade fronte ás dinámicas negativas de mercados máis distantes.

Similar circunstancia obsérvase tamén noutros segmentos de aloxamento coma os establecementos hoteleiros.

Evolución dos principais mercados nacionais en Turismo Rural. Noites 2018/17




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional acontece algo semellante ao comentado anteriormente. Obsérvase neste 2018 un descenso xeneralizado dos principais mercados estranxeiros, a taxas importantes que superan o 20% no caso do turismo británico –lider neste segmento e que amosa un descenso do 26%- e italiano. EE.UU., Alemaña ou Francia amosan tamén un comportamento negativo con caídas do 11%, 17% e 12% respectivamente.

A única excepción vén da man de Portugal, mercado que curiosamente neste 2018 marca a diferenza cun crecemento do 20% no volume de noites en turismo rural. Tal circunstancia confirma o bo comportamento do turismo de proximidade en Galicia neste ano –ao incremento de Portugal engádese o do mercado asturiano ou mesmo a suave caída do mercado interno- fronte aos principais mercados máis distantes da nosa comunidade.

Evolución dos principais mercados internacionais en Turismo Rural. Noites 2018/17




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

O INE clasifica os establecementos de turismo rural en tres tipoloxías fundamentalmente: 1) Grandes Edificacións –pazos, casas grandes, casas reitorais,...-, 2) Casas Rurais –casas rurais, casas de aldea,...-, e 3) Turismo Activo –casas de labranza, agroturismo,...-. A adaptación a Galicia coincide coas categorías existentes na nosa comunidade: Grupo A, grupo B e grupo C-D, respectivamente.

En 2018 o 68% da demanda en turismo rural –con máis de 282 mil noites- corresponde ao segmento das Casas de Aldea ou Grupo B. Un 21% opta por modalidades do Grupo A –son algo máis de 89 mil noites- mentres que tan só o 11% elixe os aloxamentos dos Grupos C e D –casas de labranza,...-. Neste último segmento rexistráronse preto de 45 mil noites neste 2018.


Peso das diferentes tipoloxías en Turismo Rural. 2018



ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

Obsérvase neste ano 2018 un comportamento dispar da demanda nos diferentes segmentos de turismo rural. Neste sentido, cae a demanda –medida en número de noites- nos establecementos do grupo A –un 3,8% como consecuencia dun descenso da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,0%- e do grupo B –un 10,3% neste caso-, como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados e empeoramento da estadía media-. A excepción vén da man dos establecementos dos grupos C-D que conseguen colocarse en cifras positivas e superar nun 7,9% o nivel de demanda do pasado ano –grazas ao incremento do 12% da cifra de viaxeiros aloxados-. En termos absolutos a variación máis notable concéntrase no grupo B, segmento que perde máis de 32 mil noites en comparación coas cifras de 2017.

Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías. 2018/17




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

A caída da demanda nos establecementos do Grupo A rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos últimos catros anos, a taxas variables que superaron o 10% interanual en 2015 e 2016. Xustamente desde 2015 xa se vén rexistrando certa desaceleración que se confirma agora en 2018 co descenso puntual do 3,8%.

En termos absolutos esta caída supón a perda de 3.500 noites en comparación co anterior 2017 e coloca o nivel final deste segmento en máis de 89 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década-.

O descenso vén provocado por unha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados incrementábase nun 4,0%. Neste ámbito son cinco anos consecutivos de crecemento colocando o nivel deste 2018 en máximos históricos con mais de 55 mil viaxeiros aloxados nos establecementos do grupo A.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo A. Noites 2011-18




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

A evolución da demanda no segmento das “Casas de Aldea” presenta un comportamento semellante. Cae a demanda neste 2018 logo de rexistrar incrementos consecutivos nos últimos catro anos –de 2014 a 2017-, a taxas variables máis importantes pois superaron o 20% interanual en 2014 e 2015. Isto permitiu superar por vez primeira a barreira das 300 mil noites en 2016 e acadar un máximo histórico con preto de 315 mil noites en 2017.

O descenso deste 2018 –que supón a perda de máis de 32 mil pernoctacións- coloca o volume final en máis de 282 mil noites, a terceira cifra máis elevada da serie histórica.

En termos de viaxeiros aloxados obsérvase un descenso paralelo, do 3,9% neste caso, acadando máis de 135 mil neste segmento –cifra inferior á de 2016 e 2017 pero superior a toda a serie anterior-.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo B. Noites 2011-18




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

No ámbito dos grupo C e D -Casas de labranza e Aldeas de Turismo Rural- a dinámica cambia respecto das modalidades anteriores. O incremento rexistrado neste 2018 –do 7,9%- consolida a tendencia positiva dos dous anos anteriores –con subas do 44,0% en 2016 e do 8,5% en 2017- que permitiron superar por vez primeira desde o 2009 a barreira das 40 mil noites. O incremento deste 2018 supón a xeración de máis de tres mil novas pernoctacións e coloca o volume final de demanda en preto das 45 mil noites –cifra que supón un máximo histórico neste segmento-.

Con esta dinámica recupérase e mesmo se superan as caídas consecutivas que este segmento viña rexistrando desde a crise, concretamente desde o ano 2009.

En termos de viaxeiros aloxados a tendencia de crecemento arranca en 2015 e sitúa o nivel deste 2018 en máximos históricos con pouco máis de 27 mil.

Evolución da demanda nos establecementos dos Grupos C e D. Noites 2011-18




A estadía media nos establecementos de turismo rural de Galicia sitúase en 1,91 noites neste 2018, cifra que descende nun 7,8% en comparación co anterior ano 2017.

Cae a estadía media logo de rexistrar incrementos consecutivos nos dous anos anteriores e volta a niveis inferiores ás dúas noites de media. Confírmase desta maneira o comportamento irregular que a estadía media ten ao longo desta década –alternando períodos de crecemento con anos de caídas- mais con todo a cifra queda lonxe do nivel marcado antes da crise –en 2009 a estadía media situábase en 2,2 noites-.

O descenso puntual deste 2018 é o que provoca a caída global da demanda –medida en número de noites-.


Estadía media nos establecementos de Turismo Rural. 2008-18



A estadía media varía sensiblemente entre as diferentes tipoloxías ou cando menos nalgunha delas. O valor máis elevado sitúase no segmento das Casas de Aldea –grupo B- onde se rexistra un promedio de 2,1 noites. Nas outras dúas modalidades a cifra queda en 1,6 noites nos establecementos do grupo A e en case 1,7 noites nos grupo C-D neste 2018.

A estadía media descende a nivel global e tamén nas tres tipoloxías consideradas –un 7,5% nos establecementos do grupo A, un 6,7% naqueles do grupo B e un 3,9% nos do grupo C-D-. Estes descenso son os que provocan unha caída global do volume de noites nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados se incrementa con diversa intensidade.

Estadía media nos establecementos de Turismo Rural, por tipoloxías. Ano 2018




A caída da demanda –medida en número de noites- prodúcese nun contexto de leve incremento da oferta –o número de prazas abertas dispoñibles sobe un 1,1%-. Tal circunstancia tradúcese nun empeoramento dos niveis de ocupación no ámbito do turismo rural, de 1,5 puntos porcentuais, ata situarse no 18,6% de media.

Descende a ocupación logo de rexistrar melloras consecutivas nos últimos catro anos, de 2014 a 2017 –froito do crecemento paralelo da demanda-, dinámica que situou a porcentaxe media do pasado ano no 20,2%. A caída deste ano deixa a cifra de 2018 na segunda máis elevada da serie histórica.


En relación ao ano 2013 o nivel de ocupación mellora en case oito puntos porcentuais.

A pesar de ser unha porcentaxe baixa a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando neste 2018 os niveis acadados en seis destinos –Estremadura, Aragón, Castela e León, Murcia, Castela A Mancha e a C. Valenciana-.

Grao de ocupación por prazas nos establecementos de Turismo Rural. 2008-18



A variación da demanda nas diferentes tipoloxías tradúcese, en termos xerais, nun comportamento paralelo dos niveis de ocupación. Neste sentido descende nos establecementos dos grupo A e B –en algo máis dun punto nos primeiros e en máis de dous puntos nos segundos- e, en cambio, mellora nos establecementos dos grupos C-D –en case 2,5 puntos neste caso-. Con esta dinámica as cifras de ocupación sitúanse no 20,2% no grupo A, no 17,9% no grupo B e no 20,4% nos establecementos dos grupos C-D –modalidade que en sentido estrito marca a porcentaxe máis elevada neste 2018-. É o sexto ano consecutivo no que melloran os niveis de ocupación nas Casas de Labranza e Aldeas de Turismo Rural, pasando do 10,9% en 2012 ao 20,4% agora en 2018. Nas outras dúas modalidades a caída deste ano rompe cunha dinámica positiva desde o 2013.




ANÁLISE TERRITORIAL

A Coruña é a provincia que rexistra un maior volume de demanda en turismo rural –absorbe o 33% das noites neste ano 2018 con máis de 140 mil-. Lugo e Pontevedra recollen algo máis da cuarta parte da demanda cada unha –o 26% ambas- mentres que Ourense fica co 15% restante e algo máis de 61 mil noites.

Mantense a grandes trazos a estrutura da demanda do pasado ano 2017 se ben en sentido estrito baixa a cuota de mercado de A Coruña e sobe a de Ourense e Pontevedra –con pequenas diferenzas-.

Obsérvase no ámbito do turismo rural un reparto territorial da demanda máis equitativo ou equilibrado en relación a outras tipoloxías de aloxamento como os establecementos hoteleiros ou os cámpings –onde se rexistra unha maior concentración da oferta e demanda nas provincias do litoral atlántico-.

Reparto territorial da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

Obsérvase neste ano 2018 un comportamento dispar da demanda en turismo rural a nivel territorial. En particular, descende en tres das catro provincias galegas –un 9,0% en A Coruña, un 10,0% en Lugo e un 13,0% en Pontevedra- como consecuencia nos tres casos de caídas parellas da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media. Son consecuencia, por tanto, da combinación de dous factores negativos.

Ourense marca a excepción cun incremento do 17,8% no volume de noites, froito dun crecemento do 19,0% na cifra de viaxeiros aloxados –a estadía media mantense relativamente estable-.

En termos absolutos Ourense gaña máis de nove mil novas pernoctacións mais as restantes provincias perden, en conxunto, preto de 42 mil noites –sendo Pontevedra a que presenta a caída de maior intensidade-.

Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2018/17




ANÁLISE TERRITORIAL

É o segundo ano consecutivo no que se rexistra un descenso dos niveis de demanda nos establecementos de turismo rural da provincia de A Coruña. A caída deste ano engádese ao descenso rexistrado xa en 2017 –do 4,9%–, rompendo desta maneira cunha serie de incrementos consecutivos desde o 2012 –moi suave nos primeiros anos e máis acusado no trieno 2014-16. Esta dinámica coloca o volume final de 2018 en algo máis de 140 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior.

En termos absolutos a caída deste ano supón a perda de 14 mil noites en relación ao 2017 e de 22 mil noites en comparación co 2016 –ano de máximo histórico na provincia– mais sitúase por encima de valores dos anos anteriores –son, por exemplo, máis de 53 mil novas pernoctacións en comparación co ano 2013–.


Evolución da demanda en turismo rural na provincia de A Coruña. Noites 2012-18



ANÁLISE TERRITORIAL


En Lugo, a caída deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos catro anteriores –de 2014 a 2017-, a taxas variables que superaron o 20% interanual en 2014 e 2016. Son incrementos importantes que permitiron superar por vez primeira na provincia a barreira das 100 mil noites en 2016 e acadar un máximo histórico en 2017 con preto de 120 mil. O descenso deste ano mantén a cifra de 2018 novamente por encima das 100 mil noites –por terceiro ano consecutivo-, rexistrando algo máis de 107 mil –a segunda cifra máis elevada da serie histórica-. En termos absolutos supón a perda de 12 mil noites en comparación co 2017 mais supón, por exemplo, máis de 44 mil noites en comparación coa cifra de 2013.

Evolución da demanda en turismo rural na provincia de Lugo. Noites 2012-18



A dinámica dos niveis de demanda na provincia de Ourense dista das restantes provincias. En 2018 rexista un incremento do 17,8% que se contrapón á estabilidade rexistrada no pasado ano 2017 mais dalgunha maneira da continuidade aos incrementos rexistrados de 2013 a 2016, de diversa intensidade. O comportamento nestes últimos anos é certamente irregular, con variacións dispares en intensidade, mais con iso consegue acadar en 2018 máis de 61 mil noites nos establecementos de turismo rural, cifra que supón un máximo histórico na provincia. Nunca antes se conseguira superar a barreira das 60 mil noites en Ourense. En comparación co ano 2013, ano de inicio da recuperación logo da crise rexistrada en períodos anteriores, o nivel de demanda sobe en máis de 20 mil noites.

Evolución da demanda en turismo rural na provincia de Ourense. Noites 2012-18




A dinámica da demanda en turismo rural na provincia de Pontevedra aseméllase ao comentado para o caso de Lugo. O descenso deste ano contraponse aos incrementos rexistrados nos catro anteriores, de 2014 a 2017, con subas importantes que permitiron superar o nivel das 100 mil noites en 2016 e acadar un máximo histórico en 2017 con preto de 124 mil. A caída de 2018 sitúa o nivel preto das 108 mil noites –a segunda cifra máis elevada dos últimos dez anos-. Mantense por terceiro ano consecutivo por encima das 100 mil pernoctacións nos establecementos de turismo rural.

A perda en termos absolutos supera as 16 mil noites en comparación co 2017.

En comparación co 2013, último ano de caída dentro da crise iniciada en 2008, o nivel de demanda en turismo rural supérase en máis de 39 mil noites, pasando de pouco máis de 68 mil a preto de 108 mil agora en 2018.

Evolución da demanda en turismo rural na provincia de Pontevedra. Noites 2012-18




A estadia media nos establecementos de turismo rural varía levemente a nivel territorial. O valor máis elevado localízase na provincia de Pontevedra onde se rexistra neste ano unha media de 2,2 noites.

Nas restantes tres provincias a cifra sitúase por debaixo das dúas noites de media, acadando valores relativamente parellos –con 1,9 noites en A Coruña, case 1,8 noites en Lugo e pouco máis de 1,7 noites en Ourense–.

A estadia media descende en todas as provincias galegas, contribuíndo desta maneira aos resultados negativos en termos de demanda en tres delas. A caída é notoria en A Coruña, Lugo e Pontevedra –con porcentaxes do 8-9% interanual- e relativamente suave, case imperceptible, en Ourense –cun descenso de apenas o 1% en comparación co 2017–.

Estadia media en turismo rural, por provincias. Ano 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos de ocupación o comportamento a nivel provincial vai no mesmo sentido que o da demanda. Descende en tres das catro provincias galegas –en case tres puntos en A Coruña e Pontevedra, e nun punto en Lugo- e mellora, en cambio, na provincia de Ourense –en 1,5 puntos neste caso-.

Con esta dinámica A Coruña mantén a cifra de ocupación máis elevada das catro provincias galegas, cun 21,9% neste ano 2018 –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-. Nas restantes tres provincias a porcentaxe iguálase e sitúase por encima do 17% en todas elas. Nun sentido estrito é Pontevedra a que presenta a cifra máis baixa cun 17,0% de media –cifra inferior á do pasado ano mais superior a toda a serie anterior-.

No caso de Ourense a mellora deste ano coloca a cifra de 2018 na máis elevada dos últimos once anos.


Grao de ocupación e variación en turismo rural, por provincias. 2018/17



ANÁLISE TERRITORIAL

En consonancia co volume de oferta existente en termos de prazas de aloxamento en turismo rural, a demanda turística concéntrase principalmente en dous xeodestinos: Terras de Santiago e Deza –co 23,2% do total de Galicia- e as Rías Baixas –co 23,8% neste caso-. En ambas, por tanto, localízase practicamente a metade das pernoctacións totais da comunidade. A outra metade –o 53% en particular- repártese nos restantes destinos considerados cunha distribución bastante semellante. Destaca en todo caso a zona central da provincia de Lugo ,que abrangue os destinos Lugo-Terra Cha e Ancares-Courel, cun 11,8% do total, e a Ribeira Sacra, cun 11,6% neste caso. No lado contrario é a Costa da Morte o destino que menor volume e peso ten no conxunto da comunidade cun 5,7% do total da demanda en turismo rural.

Reparto territorial da demanda de turismo rural por xeodestinos. Noites 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

Desde un punto de vista territorial obsérvase disparidade de comportamento da demanda neste ano 2018 sendo maioría os xeodestinos que presentan caídas en relación co pasado 2017. Os descensos son, por tanto, relativamente xeneralizados e a taxas variables destacando en termos de intensidade a caída rexistrada na Mariña Lucense –do 18,8%-. Os descensos superan o 10% interanual na Costa da Morte, en Terras de Santiago-Deza e nas Rías Baixas.

Neste contexto dous xeodestinos amosan un comportamento positivo neste ano 2018, con incrementos da demanda en relación ao 2017. Son a Ribeira Sacra –que presenta un crecemento suave, de apenas o 2%- e o xeodestino Ourense –que abrangue o conxunto da provincia agás os concellos que se localizan na Ribeira Sacra e que presenta unha suba do 12% no volume de noites-. En termos absolutos a variación máis notoria localízase nas Rías Baixas coa perda de máis de 12 mil noites en comparación co 2017.

Evolución da demanda de turismo rural por xeodestinos. Noites 2018/17




ANÁLISE TERRITORIAL

Os establecementos de turismo rural da Mariña Lucense son os que presentan neste ano 2018 as estadias medias máis elevadas, con 2,3 noites. Rexístranse tamén valores importantes, por encima das dúas noites de media, nos establecementos das Rías Altas, Costa da Morte e Rías Baixas –destinos do litoral galego-.

Nos restantes xeodestinos a cifra fica por debaixo das dúas noites rexistrando o valor máis baixo en Lugo Central con 1,6 noites neste ano 2018.

A estadia media descende de forma xeneralizada e con intensidade variable –de forma máis notable en Terras de Santiago-Deza e nas Rías Baixas, con caídas que superan o 10% interanual-. Marcan a excepción dous destinos –Costa da Morte e Ribeira Sacra- con subas moi suaves, do 1-2% interanual en ambas.

Estadia media en turismo rural, por xeodestinos. Ano 2018



TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2018



galicia